



Caiana dos Crioulos é unha comunidade con reminiscencias dos antigos quilombos (cabana onde se refuxiaban os negros fuxitivos) que fica nunha serra do municipio de Alagoa Grande (Paraíba), Brasil. Alí, alén de traballar, rezar, estudar, amar e batallar, de cando en cando, tamén se brinca e se divirte co “Coco-de-roda” e a “Ciranda” que alían canto, danza e alegría.

En canto á súa orixe africana, a hipótese máis probábel é que a poboación de Caiana sexa de descendencia Banto.

A comunidade de Caiana dos Crioulos é recoñecida como “quilombola” polo Goberno brasileiro (comunidades descendentes dos quilombos), mais aínda espera pola devolución de súas terras, conforme prevé a constitución brasileira.

Hai case 10 anos que se arrastra, en Brasilia, o proceso de delimitación e posesión do territorio que, por dereito, pertence ás, aproximadamente, 100 familias que moran alí.

En Caiana hai un grupo que canta, toca e danza “Ciranda” e “Coco-de-roda” para animar o pobo todos os días festivos, para recibir visitantes e amigos.

O grupo inspira e participa, como convidado, de varios traballos de artistas de todo o Brasil: CD Cantigas de Ben-Querer (2003) de Socorro Lira, do CD / DVD do grupo A Barca (São Paulo), do álbum Responde á Roda, das Universidades Federal Pernambuco e da Paraíba, do CD Proxecto Quadrante - A Pedra do Reino da Rede Globo/Son Libre, entre outros.

Os instrumentos que acompañan o “Coco-de-roda” e a “Ciranda”, en Caiana, son: o bombo, o triángulo e o “ganzá”, xeralmente tocado por mozos da comunidade, fillos das cantadeiras-danzadeiras.

O grupo de Caiana dos Crioulos actúa en diversos lugares, na Paraíba e noutras rexións do Brasil, en eventos de carácter artístico-cultural, político e educativo.

www.myspace.com/caianadoscrioulos